



Lean Management
Moda ou necesidade?

Xornada

Lean Management

A mellor estratexia para ser eficientes nas organizacións

Lean Management

Actualmente vivimos nun mercado moi rápido e cambiante, onde as empresas vense obrigadas a ser flexibles e adaptábeis nos seus procesos con gran axilidade.

Para ser unha empresa eficiente, requírese dispor dunha estratexia adecuada e dun sistema sólido que precise coñecer que facer e cando facelo, para atender á demanda de produtos ou servizos nas cantidades adecuadas e no intre preciso.

A mellor estratexia para ser eficientes na cadea de suministro, entre outros aspectos, pasa pola implantación do Lean, que acompaña unha boa xestión da produción, loxística e prestación de servizos. As empresas deben ser capaces de identificar as súas ineficiencias, co propósito de acadar a mellora e optimización do seu funcionamento, acompañado da redución dos seus costes.

Obxectivos

- Interiorizar os conceptos de Lean Management.
- Ter unha estratexia para ser eficientes na loxística.
- Buscar a mellora continua con todo o capital humano.

Dirixido a

Directores Xerais, Directores Industriais, Directores de Operacións e de Loxística e, en xeral, aqueles directivos comprometidos coa mellora na xestión da cadea de suministro e transformación Loxística Lean nas súas organizacións

Durante a xornada aportarase unha visión global sobre o significado e alcance do **Lean Management** como estratexia para a eficiencia e competitividade das empresas, e a ilustración dalgúns casos prácticos, co propósito de mostrar as solucións utilizadas ante problemas concretos e reais.

1. Quen somos? Por que escoitarnos un rato?
2. Que é Loxística?
3. Introducción ó Lean
4. Busca os 7 desperdicios
5. A mellora continua como hábito
6. Ferramentas
 - Xestión de stocks. O agocho dos erros
 - 5S's. A porta de entrada ó Lean
 - Pull e disposición en fluxo. Ruptura co tradicional
 - Participación de persoal. Conseguir que toda a materia gris traballe para un mesmo obxectivo